



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Expediente: *Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termino municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela*

Asunto: *Análise documentación EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. xustificación oferta económica anormal ou desproporcionada*

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise da documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. como xustificación da súa oferta económica presentada no procedemento de contratación para a **“Conservación, mantemento e reparación de pavimentos en viarios municipais do termino municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela”**, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), co seu Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e coa documentación do expediente de referencia CON/17/2014.

Antecedentes

Con data 15/07/2014 someteuse a consideración da mesa de contratación o informe técnico relativo a determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados.

A mesa de contratación acordou requirir a EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. a xustificación da súa oferta económica, por atoparse na situación antedita.

Con data 22/07/2014, recibíuse do Negociado de Contratación de Obras e Servizos a documentación presentada a tal efecto por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. (registro nº 36.070 de 21/07/2014).

Estrutura da prestación do servizo licitado

A natureza do contrato é a de prestación de servizos das tarefas previstas no cadro de prezos unitarios, sobre o que se aplicará a baixa de adjudicación. Segundo o previsto no PPTP do contrato, as obrigacións do adjudicatario e, polo tanto, a súa retribución mediante certificacións mensuais, clasifícanse nos seguintes grupos:

- **Operacións do Grupo I**

Son tarefas de prestación obrigatoria durante todo o período do contrato, definidas no PPTP e polas que o adjudicatario percibirá unha retribución fixa establecida no cadro de prezos do contrato e afectada pola baixa da súa oferta económica.

- Operacións do Grupo II

Son tarefas de prestación a demanda por parte do Concello e cuxas condicións técnicas de execución e prezo unitario están definidos no PPTP. A súa retribución efectuarase mediante o cómputo das medicións realmente desenvolvidas para cada tarefa prevista ao prezo establecido para cada unha delas afectado pola baixa da oferta económica do adxudicatario. Ao tratarse de tarefas a demanda, a cuantificación previa non é posible.

Segundo o PCAP, o orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización de tarefas do Grupo II, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar unha maior cantidade de medicións de mantemento dos pavimentos.

Análise técnico da xustificación presentada

En primeiro lugar debe sinalarse que ao longo de todo o contido da documentación (portada, índice e apartados) presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., a mesma refírese a que o procedemento de licitación é para unha obra.

A documentación presentada estruturase basicamente nos dous (2) apartados que a continuación analízanse:

1. Xustificación dos prezos ofertados (apartado 3)

Este apartado subdivídese en tres (3) subapartados:

- Consideracións xerais (apartado 3.1.)

Ao comezo do mesmo, maniféstase que *"al formular la oferta para concurrir al concurso para la adjudicación de la obra de referencia, los responsables de EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. partieron de la justificación de precios existente en el proyecto de la obra"*. Sobre dita manifestación cabe advertir as seguintes puntualizacións técnicas:

- O procedemento de licitación é de prestación de servizos e non de execución de obras.
- Non existe proxecto da obra, xa que non se licita unha obra.
- O PPTP da licitación non contén xustificación de prezos, sino cadro de prezos.

En consecuencia, descoñécese a documentación utilizada polo licitador para a formulación da súa oferta.

Continúa o subapartado coa enumeración de nove (9) *"hechos"* que o licitador tivo en conta na súa oferta e que analízanse a continuación:

- Os rendementos da man de obra da empresa, pola súa especialización, son significativamente superiores aos considerados polo proxecto da obra de referencia.

Non existe proxecto da obra e os prezos da licitación non contén rendementos da man de obra a utilizar na prestación do servizo.

- O maior rendemento do persoal especializado para a obra permite a redución do seu prazo de execución e unha considerable redución dos gastos xerais da obra.

Non se está licitando unha obra e non existe prazo de execución das obras senón período de prestación de servizo (anual prorrogable). Polo tanto, non se comprende a posibilidade de redución dos gastos xerais baseados nunha redución dun período de prestación obrigatorio.

- Os rendementos da maquinaria da empresa, pola súa capacidade, características e a especialización e experiencia dos seus operadores, son significativamente superiores aos considerados polo proxecto da obra de referencia.

Non existe proxecto da obra e os pregos da licitación non contén rendementos da maquinaria a utilizar na prestación do servizo.

- A existencia de outras obras adxudicadas ao licitador nas proximidades da obra licitada permite compartir maquinaria na súa execución e transporte de materiais co conseguinte abaratamento dos custos de execución.

Non se está licitando unha obra e non se acreditan as obras adxudicadas nas proximidades nin se os seus prazos de execución son coincidentes co período de prestación do servizo licitado.

Non se comprende o concepto de compartir a maquinaria entre obras, posto que os seus custos de operación deben aplicarse a tarefa executada e dificilmente un mesmo equipo pode realizar dos tarefas simultaneamente en dúas localizacións diferentes aínda que estean próximas.

As operacións previstas no contrato de servizos nas que é necesario o transporte de materiais serán requiridas a demanda, concepto antitético ao de execución de obras.

- A existencia de outras obras adxudicadas ao licitador nas proximidades da obra que precisan similares materias primas permite obter dos seus provedores importantes descontos por volumes adquiridos.

Non se está licitando unha obra e non se acreditan as obras adxudicadas nas proximidades nin se os seus prazos de execución son coincidentes co período de prestación do servizo licitado.

En subapartados posteriores apórtase información de tarifas de prezos de materias utilizados en pavimentos de rodadura (áridos e compostos bituminosos) que son só unha parte dos previstos no cadro de prezos do PPTP.

Non se inclúe un análise de custos de adquisición que permita corroborar o feito sinalado polo licitador.

- A sinxeleza da obra licitada permite compartir o persoal técnico con outras obras adxudicadas na zona e reducir gastos xerais.

Non se está licitando unha obra e non se acreditan as obras adxudicadas nas proximidades nin se os seus prazos de execución son coincidentes co período de prestación do servizo licitado.

Na documentación técnica presentada polo licitador no sobre nº 2 da súa oferta, o persoal técnico é voluntariamente asignado con dedicación exclusiva á prestación do servizo e como tal foi puntuado. En consecuencia, non pode ser compartido con outras actuacións desenvolvidas polo licitador, sendo esta circunstancia un incumprimento das condicións de prestación do servizo ofertadas.

		DEDICACIÓN	FORMACION COEX
RESPONSABLE DE CONSERVACION Y MANTENIMIENTO	DIEGO DE ROSENDE PICO	EXCLUSIVA	NO
ENCARGADO GENERAL	JUAN VIQUEIRA VARELA	EXCLUSIVA	NO
TÉCNICO EN PREVENCIÓN	ÁNGELES BELMONTE ROGER	EXCLUSIVA	NO

- A empresa dispón dun Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, o que permite reducir os gastos do estudo de seguridade e saúde, podendo incluír os seus custos nos gastos xerais.

O estudo de seguridade e saúde é un documento a incluír nos proxectos de obras (Real Decreto 1627/1997) e non ten relación co contrato de prestación de servizos en licitación.

Na disposición xeral 6.1 do PPTP establécense as funcións a desenvolver polo técnico en prevención de riscos laborais requirido como persoal a adscribir ao contrato. Ditas funcións, e o seu custo, son mais amplas que as descritas polo licitador na súa documentación xustificativa.

Ademais, na documentación técnica presentada polo licitador no sobre nº 2 da súa oferta, o técnico en prevención é voluntariamente asignado con dedicación exclusiva á prestación do servizo e como tal foi puntuado. En consecuencia, non pode ser compartido con outras actuacións desenvolvidas polo licitador, sendo esta circunstancia un incumprimento das condicións de prestación do servizo ofertadas.

- Gran parte da maquinaria prevista para a execución da obra é propia e esta case amortizada, o que permite reducir os seus custos.

Non se está licitando unha obra e non se acredita o feito indicado, polo que non pode comprobarse a veracidade do mesmo e os cálculos xustificativos.

- Disponse de materiais (sinais, valados, etc.) para a sinalización provisional e protección da execución da obra que posibilitan reducir considerablemente o seu custo de utilización.

Non se está licitando unha obra e non se acredita o feito indicado, polo que non pode comprobarse a veracidade do mesmo, os cálculos xustificativos e se o seu peso é significativo nos custos de desenvolvemento da prestación do servizo.

En conclusión, as consideracións xerais para a xustificación dos prezos ofertados expostas por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. na súa documentación non son congruentes co obxecto do contrato de prestación de servizos, son xenéricas e cuestionables para a execución dunha obra, e non aporta

información técnica ni cálculos que permitan verificar a súa incidencia sobre a baixa ofertada.

• Costo total das obras (apartado 3.2)

Manifesta que o custo total, que é a única información aportada no apartado, calculado para a obra é o seguinte:

Total orzamento	148.447,81 €
13% gastos xerais	19.298,21 €
6% beneficio industrial	8.906,87 €
Suma	176.652,89 €
21% I.V.E.	37.097,11 €
<i>Total orzamento licitación</i>	<i>213.750,00 €</i>

O denominado “*orzamento licitación*” é o resultado de aplicar sobre o orzamento xeral anual previsto no PPTP (300.000,01 €) a baixa ofertada polo licitador (28,75%) sobre o cadro de prezos unitarios incluído en dito PPTP (existe un error de redondeo matemático de 1 céntimo pero non é significativo para o análise da información).

Sobre o contido do apartado caben sinalar as seguintes consideracións:

- A terminoloxía e presentación utilizada polo licitador é confusa, xa que correspóndese con orzamentos de proxectos de obra e non con un estudo de custos dun contrato de prestación de servizos.
- Os teóricos custos e beneficio parecen calculados sobre un orzamento de obra licitado a baixa e non sobre a remuneración a percibir polo licitador que alcanzará o orzamento xeral anual previsto no PPTP segundo as tarefas desenvolvidas ao longo da prestación do servizo.
- O custo base denominado “*total orzamento*” non está xustificado nin desagregado nos elementos fundamentais de acordo ao obxecto previsto no contrato e non permite a súa verificación e análise técnico e a súa correspondencia cos prezos de mercado.

• Xustificantes dos prezos unitarios das materias primas (apartado 3.3)

Polo seu interese para o análise técnico da documentación presentada, transcribese a continuación a totalidade do texto do apartado:

“Con el fin de justificar los precios de aquellas materias primas que son inferiores a los reflejados en proyecto se adjunta como nos solicitan facturas de compra de dichos productos, aquellos materiales que la empresa no utiliza de forma asidua en las obras, sino que se tendrían que suministrar específicamente para esta obra, se solicitó al realizar el estudio de la obra, las ofertas correspondientes, las cuales se adjuntan.”

A continuación apórtanse de tres (3) provedores ofertas ou tarifas de prezos para o subministro de áridos e de compostos bituminosos.

Sobre o contido do apartado caben sinalar as seguintes consideracións:

- A referencia as materias primas previstas en proxecto non é aplicable, posto que non existe dito proxecto para a prestación do servizo licitado.
- A referencia aos subministros específicos para esta obra non é aplicable, posto que o contrato licitado non é de obras senón de prestación de servizos.

- Os materiais sobre os que se aportan prezos son unha mínima parte dos previstos para o desenvolvemento do contrato.
- A mera presentación formal de prezos de materiais sen a súa incardinación en un estudo de custos, non aporta información fundamentada sobre a xustificación da baixa ofertada.

2. Capacidade da empresa para executar as obras (apartado 4)

A denominación do apartado non se corresponde coa tipoloxía do contrato licitado de prestación de servizos.

Este apartado subdivídese en catro (4) subapartados:

- Xustificación da solvencia económica da empresa (apartado 4.1)

Apórtase a seguinte documentación:

- Declaración responsable do importe neto da cifra de negocio dos exercicios anuais 2011, 2012 e 2013.
- Declaracións-resumen anual do I.V.E. (modelo 390) dos exercicios anuais 2011, 2012 e 2013.

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da baixa ofertada e, en todo caso, e suplida pola clasificación do contratista.

- Certificados de clasificación (apartado 4.2)

Apórtanse os certificados de clasificación do licitador como contratista de obras e como empresa de servizos. A clasificación de servizos presentada (O-2-d) é superior a requirida no PCAP (O-2-b).

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da baixa ofertada.

- Relación entre o volume de obra contratado e os medios persoais e materiais que dispón a empresa (apartado 4.3)

A denominación do apartado non se corresponde coa tipoloxía do contrato licitado de prestación de servizos.

Apórtanse de forma independente unha relación nominal de persoal da empresa (cualificación, dedicación, contrato e funcións) e unha relación de maquinaria e medios auxiliares adscritos a obra (tipo, cantidade, modelo, características técnicas e propiedade).

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da baixa ofertada.

- Relación das obras executadas pola empresa nos últimos cinco (5) anos (apartado 4.4)

A denominación do apartado non se corresponde coa tipoloxía do contrato licitado de prestación de servizos.

Apórtase unha relación de obras executadas nos últimos cinco (5) anos (denominación, orzamento e ano de execución) clasificada por promotor. Na

mesma non se inclúe ningún tipo de contrato de similares características ao licitado.

Dita documentación, dende un punto de vista técnico, non ten relevancia algunha para a xustificación da baixa ofertada.

Conclusións

A vista do PCAP e do PPTP do expediente de contratación e da documentación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. na súa oferta e na xustificación da súa oferta económica, dende un punto de vista técnico, conclúese o seguinte:

- A documentación aportada refírese en todo momento a licitación dun contrato de obras definido nun proxecto. Non existe tal proxecto e a tipoloxía do contrato licitado é de prestación de servizos.
- A xustificación presentada non se axusta a estrutura da prestación do servizo licitado nin as obrigas a cumprir polo adxudicatario previstas nos pregos.
- A xustificación dos prezos ofertados é moi xenérica, baseada en conceptos técnicos inconsistentes, incongruentes co PPTP, descoordinados coa documentación técnica presentada polo licitador no sobre nº 2 e non se acompaña de ningún tipo de cálculo xustificativo.
- O custo total presentado non ten relación coas determinacións do PCAP e non está fundamentado, polo menos, nunha mínima desagregación dos custos individuais das tarefas previstas no PPTP.
- Os xustificantes dos prezos das materias primas consisten na mera presentación formal de ofertas ou tarifas de algúns dos materiais a utilizar nas tarefas previstas pero son só unha mínima parte dos previstos no cadro de prezos do PPTP e non se incardinan en un estudo de custos xustificativo da baixa ofertada.
- A documentación presentada para xustificar a capacidade da empresa para “*executar as obras*”, tecnicamente non ten relevancia algunha para a xustificación da baixa ofertada.

Polo tanto, a vista do exposto e dende un punto de vista técnico, **infórmase desfavorablemente** a xustificación presentada por EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. por non axustarse ao obxecto do contrato de prestación de servizos e as determinacións dos seus pregos e por non aportar elementos de xuízo específicos para avaliar a información aportada e a baixa ofertada e sométese a consideración da mesa de contratación.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2014

O Enxeñeiro de Camiños Municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

